



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAZARICOS

Aprobación da lista cobratoria do prezo público polo Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2025

EDICTO

Por resolución da Alcaldía de data 21.01.2026 aprobouse a lista cobratoria do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2025 e as liquidacións integrantes da mesma.

A efectos da súa notificación colectiva, publícase este edicto para o seu xeral coñecemento en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

Período voluntario. De conformidade co artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, establécese o seguinte prazo para o pago en período voluntario:

Inicio	Fin
22.01.2026	11.02.2026

Forma de pago. Con carácter xeral, o pagamento efectuarase mediante cargo na conta bancaria designada polas persoas obrigadas.

Exposición. A lista cobratoria e as liquidacións integrantes desta permanecerán expostas ao público nas dependencias municipais durante o prazo de pago en período voluntario.

Recursos. Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, que se regula no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co artigo 108 da Lei 7/1985 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ao da finalización do período de pago voluntario, ante o mesmo órgano que ditou o acto.

Pola súa banda contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición referido, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria, cando esta sexa formulada de forma expresa, ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data en que o referido recurso de reposición deba entenderse desestimado de forma presunta, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, con arranxo ao sinalado nos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Mazaricos, 22 de xaneiro de 2026

O Alcalde,

Juan José Blanco Riveiro

2026/379